

Esta semana os nenos e nenas de 1º e 2º están aprendendo o vocabulario referente ás partes da casa e posicións no espazo. Para iso, propuxemos diferentes xogos, entre eles un matching game como o que se observa nas fotos, no que cada nen@ ten que unir a imaxe co seu nome correspondente e dicir a palabra en alto, traballando así tanto as habilidades de comprensión como de expresión.



Por outro lado, cos maiores do colexio, os nenos e as nenas de 5º e 6º, estivemos practicando o present continuous xunto con diferentes verbos e deportes, a través dun memory game no que tiñan que recordar a posición das cartas para unir as imaxes coas palabras e finalmente crear unha oración en present continuous.

